



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Dende a [Axencia Galega de Innovación \(GAIN\)](#) continuamos informando sobre as novidades de [Horizon 2020](#), adicando este boletín ás [grandes iniciativas](#) que se desenvolven no marco do Programa..

As políticas de I+D da Comisión Europea foron enriquecéndose durante os últimos anos con novos programas e iniciativas, que ampliaron o abano de posibilidades de financiamento do FP7 e que se prorrogan e incrementan en Horizon 2020. Estas grandes iniciativas son: as [Asociacións Público Privadas \(PPP\)](#), as [Iniciativas Tecnolóxicas Conxuntas \(JTI\)](#), as [Iniciativas de Programación Conxunta \(JPI\)](#), as [Asociacións Europeas para a Innovación \(EIP\)](#), as [ERA-NETs](#) e as [iniciativas baixo o artigo 185](#) do Tratado.

As [PPP](#), cun orzamento de 6.200 M€, son asociacións público-privadas contractuais que realizan contribucións directas para a preparación dos programas de traballo en eidos definidos por adiantado e de grande interese industrial.

As oito PPP no marco de Horizon 2020 son:

[Advanced 5G networks for the Future Internet \(5G\)](#)

[Energy-efficient Buildings \(EeB\)](#)

[European Green Vehicles Initiative \(EGVI\)](#)

[Factories of the Future \(FoF\)](#)

[High Performance Computing \(HPC\)](#)

[Photonics](#)

[Robotics](#)

[Sustainable Process Industry \(SPIRE\)](#)

Estas iniciativas impleméntanse a través das convocatorias ordinarias de Horizon 2020. Actualmente, pódense atopar oportunidades de financiamento nos seguintes programas de traballo 2014-2015:

[Information and Communication Technologies \(5G, Robotics, Photonics, HPC\)](#)

[Nanotechnologies, Advanced Materials, Biotechnology and Advanced Manufacturing and Processing \(FoF, EeB, EGVI e SPIRE\)](#)

[Secure, clean and efficient energy \(EeB e SPIRE\)](#)

[Smart, green and integrated transport \(EGVI\)](#)

[Climate action, environment, resource efficiency and raw materials \(SPIRE\)](#)

Esperamos que esta información vos resulte de interese.

¡Ata o próximo xoves!